


# CELEBRACIÓN DA FESTA O DIVINO SALVADOR

5-6 de agosto do 2023

Lecturas propias da festa da Transfiguración



Os cotos coa igualdade verdadeira das persoas,  
cos pobos que sofren inxustiza e abandono,  
cos refuxiados e marxidados da sociedade,  
coa natureza maltratada,  
con responsabilidade coidadora ante a COVID-19  
e sempre sementando paz



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

**CANTO** 🎵 n° 1 *Que ledos hoxe estamos*

### SAÚDO DE BENVIDA

#### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos como parroquia, no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Achegámonos hoxe para celebrar a fe na honra de Cristo noso Divino Salvador. Festexamos a vida ao carón de Xesús, proclamando que nos salva e dá senso ao noso camiñar.

El é o noso Salvador, non porque teña poder sobre nós, senón polo que demostrou coas súas palabras e feitos. Non deixemos que pase de balde, porque Cristo, amando e convidando a amar, é o Salvador do mundo.

Hoxe, da súa man, somos convidados a subirmos as costas da vida deixando atrás as rutinas e comodidades da vida e da fe.

Hoxe, da súa man, somos convidados a poñer os pes na terra, a abaixarnos mirando polos que máis difícil o teñen.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** *Busquemos dende xa a Cristo Salvador e invoquemos a súa misericordia pois viviu sendo exemplo do amor, e así o demostrou dando a vida a todos e por todos.*

### Monitor/a

- Ti que es Salvador amando e dando a vida por todos sen facer distincións. Señor téndenos a túa man
- Ti que es Salvador e convidas a todos a sentírmonos fillos dun Deus que é Pai. Cristo téndenos a túa man
- Ti que es Salvador facendo comunidade, acollendo a todos e sendo exemplo de coherencia. Señor téndenos a túa man

**Celebrante** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante** *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus todo o que nos preocupa, e agradecemoslle poder compartir hoxe na honra do Divino Salvador.*

*(silenzo)*

### **Celebrante:**

Deus, noso Pai, na Transfiguración do teu Fillo ti confirmaches os misterios da nosa fe co testemuño dos profetas, e déchesnos un sinal adiantado da nosa adopción coma fillos. Concédenos a nós, os teus fieis, escoitar a voz do teu Fillo benquerido para que cheguemos tamén a participar da súa gloria.

Pedímoscho por El, noso Salvador, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante** *Na nosa vida hai persoas, lugares e acontecementos que marcan a nosa historia. Queremos que as palabras e os feitos do Salvador sexan os que dean senso ao noso camiñar. Escolítámolo como fixeron os discípulos no alto do monte onde Cristo se transfigurou.*

*Leccionario III santos páx 161* **2 Pe 1, 16-19 LECTURA**  
**LECTURA DA SEGUNDA CARTA**  
**DE SAN PEDRO**

**Se vos demos a coñecer a vinda poderosa do noso Señor Xesús Cristo, non foi guiándonos por contos argallados con habilidade, senón porque fomos testemuñas oculares da súa grandeza.**

Pois recibiu honor e gloria de parte de Deus Pai, cando desde a sublime Gloria Ile chegou aquela voz tan especial: "Este é o meu Fillo, o meu predilecto, o Fillo do meu contento". Esta voz oímolos nós vir do ceo, estando con el no monte santo. Deste xeito temos confirmación da palabra profética, á que facedes ben en estardes atentos, coma un candil aceso en lugar escuro, ata que alborexe o día e o luceiro da alba naza nos vosos corazóns.

### Palabra do Señor

🎵 **nº 41** *Quen nos vai separar de ti* **SALMO**

(en pé) *Lecc III santos páx 162* Mt 17, 1-9 **EVANXEO**

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naquel tempo colleu Xesús a Pedro, a Santiago e a Xoán seu irmán, e subiu con eles só a un monte alto. Alí transfigurouse diante deles; o seu rostro resplandecía coma o sol, e os seus vestidos viraron brancos coma a luz. Nisto apareceron Moisés e mais Elías falando con el.

Pedro colleu a palabra e díxolle a Xesús:  
- ¡Señor, que ben estamos aquí! Se queres, farei aquí tres tendas, unha para ti, outra para Moisés e outra para Elías.

E aínda estaba falando cando apareceu unha nube luminosa que os cubriu; e unha voz saíndo da nube dixo:  
- Este é o meu Fillo benquerido, o meu predilecto, escoitádeo.

Ao escoitaren isto, os discípulos caeron debruzados, cheos de temor. Xesús achegándose, tocounos e díxolles:  
- ¡Erguédevos, non teñades medo!

E levantando os ollos, non viron a ninguén fóra de Xesús.

Cando baixaban do monte, Xesús encargoulles:  
- Non lle faledes desta visión a ninguén, ata que o Fillo do Home resucite de entre os mortos.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



A transfiguración preséntanos a divindade de Xesús, e ao mesmo tempo a necesidade de baixar á realidade.

Xesús no alto do monte, cerca de Deus, é a palabra definitiva do Pai que vale a pena escoitar.

Os apóstolos queren quedarse alí, non queren baixar do monte porque están moi a gusto. En cambio Xesús pide deixar a comodidade, abaixarse e achegarse á realidade, aínda que sexa dura e escandalosa como en Ucraia, ou cos refuxiados tirados, ou coas mulleres vítimas da violencia de xénero.

Con Xesús subimos para estar preto de Deus, e con Xesús baixamos para estar preto das persoas. Velaquí a realidade da Transfiguración.

Somos agora parroquia que quere acercarse a Deus Pai, e ao mesmo tempo somos parroquia que quere axudar na irmandade facendo comunidade.



## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante** *Proclamar agora a fe é manifestar que damos credibilidade á Palabra de Deus que acabamos de escoitar e que a imos a poñer en práctica*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

**Monitor/a:**

Crede en Deus Pai,  
que nos convida a escoitar ao seu Fillo benquerido?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús Cristo,  
que no coto dun monte amosa toda a súa gloria,  
e que nos encamiña ao seu encontro?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito Santo,  
que nos pon no camiño  
seguido as pegadas do Salvador,  
aléntándonos para baixar das nosas comodidades,  
e achegarnos a cantos senten a vida coma un atranco?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na Igrexa,  
comunidade que hoxe proclamamos en Cristo,  
Divino Salvador, un bo camiño para facer parroquia?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Por medio de Cristo Salvador, presentemos a Deus Pai as necesidades da Igrexa e do mundo enteiro dicindo con fe:*

**CRISTO, SALVADOR, ESCÓITANOS**

**Monitor/a**

- ✓ Para que nos esforcemos por construír unha igrexa que sabe superar os medos e non renuncia a defender a dignidade das persoas. Oremos
- ✓ Para que na nosa parroquia vaíamos medrando na ledicia de compartir a fe crendo que Xesús nos acompaña no camiño da vida. Oremos
- ✓ Para que sexamos capaces de poñer a confianza en Deus medrando nos valores e nas esixencias que fan da vida das persoas dignidade, respecto e xustiza. Oremos
- ✓ Polas persoas que se creen máis que os demais, para que descubran que o camiño da vida hai que facelo levando da man aos que están máis abaixados. Oremos
- ✓ Polas persoas que adican esforzos dando vida a esta Unidade Pastoral de Os Cotos. Oremos

**Celebrante:** *Deus, noso Pai, recibe das mans dos teus fillos as oracións que che diriximos polo mundo enteiro; e fai medrar entre nós o reino de xustiza, de amor e de paz do teu Fillo Xesucristo, noso Salvador, que vive e reina por sempre eternamente. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Entremos no corazón do Deus que é Pai, deixémonos encher do seu amar e con Xesús, o noso Divino Salvador, ao que queremos escoitar, recemos como El mesmo nos aprendeu:*

**NOSO PAI ...**



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *Xesús, como Salvador, acollía e transmitía paz e esperanza a todos. Coma El deamos nós vida ao EVANXEO, sabendo que o damos vida na igualdade, dámolos vida no respecto e na tolerancia, dámolos vida con todas as mans atrevidas para coidar. Fixérono os discípulos, fagámolos nós tamén e sexamos agora unha man de paz para todos.*

## COMUÑÓN

*Celebrante: O Señor segue a reunirnos ao redor dunha mesa para que compartindo e amando o descubramos. Participar é comprometer a vida en construír un mundo ao xeito de Xesús. Ditosos todos nós, salvados en Cristo, e agora convidados a este banquete do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

🎵 n° 55 *No colo da miña nai*

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

*Celebrante:*

Señor, ti quixeches manifestar a gloria do teu Fillo mediante o resplandor da súa transfiguración. Que o pan de vida do teu Fillo nos transforme tamén a nós facéndonos semellantes a el. Pedímolos por Cristo, o noso Divino Salvador, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

*Agradecemos a presenza e a colaboración dos veciños e veciñas que ao longo de todo o ano dan vida á parroquia.*

*Agradecemos este compartir festivo e comprometémonos para que Cristo Salvador se sinta orgulloso de como imos facendo realidade o evanxeo.*



*Avísase das misas (ver folla do mes)*

Recordamos o encontro do día 15 de agosto.

No merendeiro de San Antonio, en Verducido, no mesmo lugar do ano pasado, reunímonos o día 15 as dez parroquias para celebrar a eucaristía ás 12'30 e deseguido compartirmos o xantar que cada quen leve.

É a nosa XIII FESTA DE OS COTOS.

*Sae a procesión*

*Que o Señor, pola intercesión de Cristo Salvador, nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao fogar da vida eterna. Amén*



*“Este é o meu Fillo benquerido, ESCOITÁDEO”*

*Palabras de Deus Pai no evanxeo de hoxe*

## UNHA REFLEXIÓN

A Palabra que vimos de proclamar márcanos unha folla de viaxe, con catro etapas:

❖ **1 SAÍR** A primeira etapa da nosa viaxe invítanos a saír: do noso templo, das nosas costumes relixiosas, do noso culto moitas veces baleiro, de todo aquilo co que cremos que podemos mercar a Deus, porque El é gratuidade e non un tendeiro co que temos que axustar prezos. Saír de nós, do noso illamento, do noso refuxio, das nosas seguridades, dos nosos medos e complexos....e arriscarnos coa forza da fe.

❖ **2 DESPOIS DE SAÍR: SUBIR** Porque ninguén dixo que o camiño fose fácil. Ás veces hai costas que mesmo nos fan perder o alento... pero paga a pena subilas. Ninguén dixo que fose fácil deixar de lado o medo, ninguén dixo que non nos sairán feridas no corazón e na alma... e tamén precisaremos que alguén nos axude a curalas, lembrándonos que Deus está connosco porque ás veces parece coma se non nos fiásemos de que El camiña á nosa beira e mesmo nos leva nos brazos en tempos difíciles. Non se foi, segue aí.

❖ **3 DESPOIS DE SAÍR E SUBIR: ESCOITAR** Nunha sociedade como a nosa, na que cada vez máis abundan voces de profetas que descifran e solucionan o porvir, na que os medios de comunicación non só

informan, senón que orientan ou desorientan, onde máis de vinte millóns de persoas len semanalmente a prensa rosa, quen quere dar sentido humano á súa vida ten que coidar as fontes nas que bebe. Nunha sociedade coma a nosa, atravesada por infinidade de conflitos sociais, culturais, políticos... persoais e grupais; nunha sociedade coma a nosa na que hai milleiros de persoas que non teñen quen as escoite, cómpre lembrar que a actitude de escoita é fundamental: “*Este é o meu Fillo... Escoitádeo...*”. Temos que acostumarnos a facer silencio para poder ESCOITAR a Palabra de Deus, ESCOITAR o berro da xente, ESCOITAR o murmurio da natureza, ESCOITAR os ecos da historia.

❖ **4 DESPOIS DE SAÍR, SUBIR E ESCOITAR: BAIXAR** Porque non podemos estar sempre no cumio, hai que volver aos irmáns que sofren e non poden camiñar. Hai moita desigualdade social a prol da cal traballar. Por iso nada de quedar no monte, nada de acamparmos aquí na igrexa quentiños á beira do Santísimo. O noso escenario é o mundo, alí onde estamos, cada un no noso lugar, no que desenvolvemos as tarefas que van enchendo tempo e vida.

Non hai que perder de vista a terra, non sexa que o resplandor do Tabor se converta en fogos artificiais, e a esperanza se desvaneza en ilusións baleiras.